



NOVAS / INICIATIVAS

A revista A Torre do Castro recupera os traballos de recompilación de tradicións, lendas, contos, etc., da parroquia de Sandiás publicados no ano 1931 na revista Nós

□A Torre do Castro□ recupera os traballos de recompilación de tradicións, lendas, contos, etc., da parroquia de Sandiás publicados no ano 1931 na revista Nós.


O número 8 da revista cultural e turística do Concello de Sandiás □A Torre do Castro□, recupera os traballos sobre a parroquia de Sandiás publicados en diferentes números da revista Nós en 1931.

Coa intención de homenaxear á xeración da revista Nós, a revista A Torre do Castro recupera os traballos de recompilación de tradicións, lendas, contos, etc., da parroquia de Sandiás publicados no ano 1931, cumprindo desta maneira cun dos principais obxectivos desta revista, a salvagarda e a promoción do patrimonio material e inmaterial do concello de Sandiás e da Limia.

Neste novo número recuperouse, para que chegue ao maior número de persoas interesadas, unha pequena xoia da etnografía sobre o concello de Sandiás, que xa atesoura máis de 80 anos. Trátase da colaboración do veciño de Sandiás, Urbano Santana, na revista Nós a través do seu "Resume xeneral do folk-lore de Sandiás", publicado en varios números do ano 1931. Neste traballo recompilaronse lendas, refráns, expresións, etc., así como outros datos de interese (arquitectura, vestimenta, etc.) da parroquia de Sandiás, textos que nos transportan a outros tempos e a outros modos de vida, que aos máis novos poden resultarlles moi afastados. Trátase dun traballo que co paso do tempo adquiriu máis valor, xa que permitiu que moitas das lendas, contos, etc., non pasasen ao esquecemento de non ter sido recompiladas por ninguén, como tristemente está a suceder en moitas zonas da nosa Terra. Coa publicación deste traballo, feito nunha época na que o galego non se estudaba na escola nin en ningures, o Concello de Sandiás quere promover iniciativas que potencien a estima pola nosa lingua e polo noso patrimonio cultural, para que sexa coñecido e valorado polas xeracións máis novas.

[Información remitida por Xavier Feixóo]

A revista pode consultarse tamén en formato dixital (PDF) no seguinte ligazón:



A Torre do Castro (revista)